As devesas dan refuxio a mamíferos como garduñas, teixugos, raposos, corzos, xabaríns, lobos... e non podemos esquecer que estes montes foron un dos últimos refuxios do oso pardo en Galicia, tendo como testemuñas as alvarizas e a súa pegada na toponimia. Nas aves destacan o miñato común e o bufo real.

Alvariza monumental na devesa de Virondelo en Bustelos

BIODIVERSIDADE

As devesas son un bosque mixto de carballo, acivro, rebolo, bidueiros, pereiras bravas, castiñeiros e ameneiros e no sotobosque medran xilvardeiras, arandos, abrótegas e fentos. Nas partes altas hai toxo, carqueixa, xesta, breixo, queiruga, carrascos e uces. Deles ven a flor que liban as abellas para producir o mel do Candán que foi varias veces premiado como o mellor de Galicia.

A PEDRA QUE ZOA

Na devesa de Moa, a carón do río Deza, hai un penedo que fala. O son da auga pura e cristalina do río reververa na rocha e percíbese un susurro, un aloumiño, un suave eco que semella a fala da serra. É a pedra que zoa. Pero para escoitala hai que buscar o lugar exacto co ángulo correcto no que o penedo lle resposta a auga. Nun lugar tan cheo de vida é doado entender o idioma da natureza.